

## CRITERIOS DE PROMOCIÓN E TITULACIÓN. Curso 2022-2023

En aplicación da **Orde do 25 de xaneiro do 2022** e os **novos decretos da LOMLOE** polos que se regula a normativa de avaliación, promoción e titulación nas ensinanzas de educación primaria, educación secundaria obrigatoria e de Bacharelato no sistema educativo de Galicia, establécense os seguintes criterios de promoción e titulación:

### AVALIACIÓN FINAL ESO

#### CRITERIOS DE PROMOCIÓN ESO:

1. Acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que **supere todas as materias** ou que **teña avaliación negativa nunha ou dúas materias**, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores.
2. Se o alumnado ten **máis de dúas materias non superadas**, o equipo docente decidirá a súa promoción se cumpre **todas as CONDICIÓNs seguintes** :
  - 2.1.1. Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias nas que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa **igual ou superior a cinco**.
  - 2.1.2. **NOVO**: Que a **suma dos períodos lectivos** semanais establecidos no anexo IV das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa **non sexa superior a dez**. Para estes efectos non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición. **(D156/2022, artigo 25. 2.b)**
  - 2.1.3. Que o equipo docente considere que a **natureza das materias** non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
  - 2.1.4. Que o equipo docente estime que **ten expectativas favorables de recuperación**.
  - 2.1.5. O equipo docente estima que a promoción beneficiará a súa evolución académica.

Ademais destes criterios, o equipo docente terá en conta para a promoción o interese pola materia e o esforzo no traballo diario.

3. As decisións a este respecto serán adoptadas de xeito colexiado. De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo

favorable da maioría simple dos seus membros que non poderán absterse na votación.

## CRITERIOS TITULACIÓN ESO (Ao finalizar 4º ESO)

1. Obterá o título de Graduado na ESO o alumando que teña **todas as materias ou ámbitos superados**.
2. Con **materias non superadas**, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as **condicións** seguintes:
  - 2.1. A media aritmética das cualificacións obtidas nese curso é **igual ou superior a cinco**.
  - 2.2. O alumno ou alumna **adquiriu uns mínimos nas competencias establecidas**.
  - 2.3. O alumno ou alumna alcanzou os obxectivos da etapa .
3. O alumando de FPB obterá o título se supera a totalidade dos módulos.
4. As decisións a este respecto serán adoptadas de xeito colexiado. De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros que non poderán absterse na votación.
5. O título será único e expedirase sen cualificación.
6. O alumando recibirá ademais unha certificación co número de anos cursados e co nivel de adquisición das competencias da etapa.
7. O alumando que obteña unha nota media igual ou superior a 9 en 4º ESO, ata un 5% do alumnado matriculado nese curso, obterá unha matrícula de honra.

Os posibles empates resolveranse acudindo ás medias de cursos anteriores ata que se desfaga (3º ESO, 2º ESO...)

## CRITERIOS DE PROMOCIÓN E TITULACIÓN. Curso 2022-2023

### AVALIACIÓNS ORINARIA E EXTRAORDINARIA BAC

#### CRITERIOS DE PROMOCIÓN BAC

1. Promocionará ao 2 BAC o alumando que teña superadas **todas as materias** ou con **dúas materias non superadas** como máximo.

Só se computarán as materias que como mínimo a alumna ou o alumno deben cursar en cada un dos bloques. No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que as alumnas e os alumnos poidan cursar máis materias do devandito bloque

2. O alumando que acade a promoción con materias pendentes deberá matricularse delas e cursalas ao longo do curso. Os que non cumpran os requisitos de promoción deberán matricularse de todas as materias e repetir o curso na súa totalidade.
3. A superación das materias de segundo curso que se indican no anexo VI do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, estará condicionada á superación das correspondentes materias de primeiro curso indicadas no devandito anexo, por implicar continuidade.
4. As alumnas e os alumnos que ao termo do segundo curso tivesen avaliación negativa nalgunhas materias poderán matricularse delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas ou poderán optar, así mesmo, por repetir o curso completo. Neste último caso, non se manterán as cualificacións das materias do devandito curso que a alumna ou o alumno tivera superado previamente.

#### CRITERIOS TITULACIÓN BAC

1. Para obter o título de bacharel o alumando deberá **ter superadas todas as materias** dos dous cursos de bacharelato.
2. Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título **con unha materia non superada** sempre que se cumpran todas as **seguintes CONDICIÓNs**:
  - a. A media aritmética das cualificacións obtidas na etapa, en todas as materias requiridas para a obtención do título na modalidade cursada, é igual ou superior a cinco.
  - b. O equipo docente considera que o alumno ou alumna alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados ao título.

- c. Non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada na materia; considerase inasistencia se o alumno ou alumna supera un 15% de faltas do total en dita materia.
  - d. O alumno ou alumna presentouse a todas as probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.
3. As decisións a este respecto serán adoptadas de xeito colexiado. De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros que non poderán absterse na votación.
  4. O título de bacharel será único e expedirase con expresión da modalidade cursada e da nota media obtida, que se obterá calculando a media aritmética das cualificacións de todas as materias cursadas.
  5. Para os efectos do cálculo da nota media para o alumnado que cambia de modalidade ou de materia en segundo curso, só se terán en conta as cualificacións das materias cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata.
  6. O alumnado que obteña unha nota media igual ou superior a 9 en 2º BAC , ata un 5% do alumnado matriculado nese curso, obterá unha **matrícula de honra**. A este respecto, os posibles empates resolveranse acudindo ás medias do bacharelato ou, se persiste o empate, a número de 10 no bacharelato, e finalmente á media de cursos anteriores ata que se desfaga (4º ESO. 3º ESO...)